



XV Xornada Científica REALITER
Terminoloxía e mediación lingüística: métodos, prácticas e actividades

Faro, 26 e 27 de setembro de 2019
Faculdade de Ciências Humanas e Sociais
Universidade do Algarve

A comunicación dos saberes, das prácticas e das perspectivas sobre o mundo no actual contexto de mobilidade internacional fai xurdir novas necesidades e impón actividades de mediación lingüística e comunicativa para as que o papel da terminoloxía é prioritario. Tamén o aparente acceso libre ao coñecemento e as necesarias estratexias socioeconómicas e culturais de empresas, institucións, países e organizacións supranacionais xustifican a reflexión verbo da terminoloxía como condición central en toda mediación lingüística e comunicativa.

A XV Xornada Científica da rede REALITER pretende explorar as funcións da terminoloxía na mediación lingüística e comunicativa dos saberes, dos coñecementos e das prácticas profesionais. Enténdese por mediación o proceso complexo de construción e/ou deconstrución que, pola verbalización, transforma conceptos en unidades lingüísticas/discursivas ou que, pola adaptación da verbalización existente, permite o acceso a esas unidades a públicos diferenciados e contextualmente regulados (na mesma lingua ou en linguas diferentes). Sen ningunha limitación teórica ou epistemolóxica, o concepto de mediación debe ser entendido na súa máis ampla multidimensionalidade (de Aristóteles a Vygotsky e Gagnepain, entre outros).

Procúrase, pois, relacionar de forma consistente a terminoloxía monolingüe e multilingüe (investigación, produción e uso) e as actividades de mediación. A mediación conduce a procesos de fixación e de circulación do saber visibles na comunicación técnica e/ou científica e na práctica profesional no ámbito, por exemplo, da tradución, da interpretación, da mediación cultural, da revisión e edición textuais, do ensino e da formación, da localización, da subtitulación e da comunicación entre usuarios (especialización e/ou divulgación). O resultado de moitos destes procesos e destas actividades é a promoción da inclusión que se dá coa creación de condicións de equidade entre usuarios, por medio do rigor e da corrección terminolóxica. Xustifícase, deste xeito, que se dedique a esta temática unha xornada de reflexión dunha rede multilingüe e pluricontinental.

As propostas de comunicación (de arredor de 400 palabras), escritas en calquera das linguas de REALITER, deberán ser enviadas á Secretaría (realiter@unicatt.it) en formato .doc ata o **15 de abril de 2019**. No documento .doc só debe figurar o título e a proposta de relatorio; non aparecerá ningún elemento que poida identificar a autoría. Na mensaxe de correo electrónico enviada á Secretaría (co documento .doc e unha foto do(s) autor(es)), han constar claramente o nome ou nomes así como a ou as institucións de pertenza.

Todas as propostas recibidas serán sometidas á avaliación do Comité científico.

Calendario:

Ata o 31 de marzo de 2019 – recepción de propostas;

Ata o 15 de abril de 2019 – comunicación do resultado da avaliación das propostas feita polo Comité Científico;
Ata o 10 de setembro de 2019 – inscrición (ligazón pendente de indicar);
26 e 27 de setembro de 2019 – XV Xornada Científica REALITER;
Ata o 30 de outubro de 2019 – envío da versión final dos textos dos relatorios para publicación das Actas;
Publicación das Actas da XV Xornada Científica REALITER prevista para 2020.

Comité científico

Marta de Blas, Universitat Politècnica de Catalunya
Manuel Célio Conceição, Universidade do Algarve e Conseil Européen pour les Langues
Pierrette Crouzet-Daurat, Délégation générale à la langue française et aux langues de France
(DGLFLF)
Xavier Darras, Office québécois de la langue française
Paul de Sinety, Délégué général à la langue française et aux langues de France
Loïc Depecker, Université Sorbonne Nouvelle - Paris 3
Joaquín García Palacios, Universidad de Salamanca
Maria da Graça Krieger, Universidade Federal do Rio Grande do Sul, Porto Alegre
Estela Lalanne de Servente, Colegio de Traductores Públicos de la Ciudad de Buenos Aires
Corina Lascu Cilianu, Academia de Studii Economice din București
Manuel Núñez Singala, Universidade de Santiago de Compostela
Étienne Quillot, Délégation générale à la langue française et aux langues de France
(DGLFLF)
Maria Teresa Zanola, Università Cattolica del Sacro Cuore (Milan) e Conseil Européen pour
les Langues

Comité de organización

Manuel Célio Conceição, Universidade do Algarve
Patrizia Guasco, Secretaría Realiter e Università Cattolica del Sacro Cuore, Milan
Claudio Grimaldi, Secretaría Realiter e Università degli Studi di Napoli “Parthenope”
Fátima Noronha, Universidade do Algarve
Silvia Domenica Zollo, Secretaría Realiter e Università degli Studi di Verona